

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**AXENCIA GALEGA DE SANGUE, ÓRGANOS E TECIDOS**

RESOLUCIÓN do 4 de decembro de 2018 pola que se publica a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as no concurso-oposición para cubrir postos de traballo desta axencia mediante contratación laboral fixa, convocado pola Resolución do 20 de xaneiro de 2015, e se convocan para o acto de elección de destino.

Mediante a Resolución da Dirección da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, do 17 de outubro de 2018 (DOG núm. 202, do 23 de outubro), habilitouse o prazo dun mes para que os/as aspirantes seleccionados/as no proceso selectivo para o acceso a diversas categorías de persoal laboral, nas categorías de médico/a especialista en hematoloxía e hemoterapia, médico/a xeral, técnico/a superior, responsable de comunicación, enfermeiro/a, técnico/a especialista de laboratorio, promotor/a da doazón, auxiliar administrativo, auxiliar de informática, auxiliar clínica/laboratorio, e condutor/a/celador/a, convocado pola Resolución do 20 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 56, do 24 de marzo), presentasen a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos da convocatoria, entre eles, orixinal ou certificación compulsada acreditativa do mantemento dos requisitos para acceder pola quenda de discapacidade se a resolución achegada dentro do prazo de presentación de solicitudes non tivera carácter definitivo.

A base décima da Resolución do 20 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 56, do 24 de marzo) da convocatoria do proceso dispón que os/as aspirantes que, dentro do prazo fixado, non presentasen a documentación ou, do exame dela, se deducise que carecen dalgún dos requisitos para participar no presente proceso selectivo non poderán ser nomeados/as persoal estatutario fixo e quedarán anuladas as súas actuacións.

A mesma base dispón que, comprobada a documentación de todos/as os/as aspirantes aprobados/as, a Dirección da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos publicará no *Diario Oficial de Galicia* a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as, as prazas que se lles ofertan e do procedemento e prazo para que estes manifesten a súa opción polos destinos ofertados.

En virtude do exposto, comprobada a documentación dos/das aspirantes e finalizados os prazos de impugnación administrativa contra a Resolución do 17 de outubro de 2018,



pola que se fan públicos os acordos dos tribunais relativos á baremación definitiva da fase de concurso, esta dirección, como órgano convocante do proceso,

RESOLVE:

Primeiro. En cumprimento da base 10.2 da Resolución do 20 de xaneiro de 2015, da Dirección Técnica da Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia (DOG núm. 56, do 24 de marzo), pola que se convoca un proceso selectivo para a cobertura de postos de traballo nesta fundación, mediante contratación laboral, excluír do proceso selectivo para o acceso á categoría de condutor/a/celador/a a Pablo Ramos Tojeiro, na quenda de acceso libre, quedando anuladas as súas actuacións e decaendo en todos os dereitos derivados da súa participación no procedemento por non presentar en prazo a documentación exixida na base 10.1 da resolución de convocatoria.

Segundo. Declarar como aspirante seleccionado, na categoría de condutor/a/celador/a, por esta mesma quenda, a Manuel Souto Sieiro, requiríndoselle para que, no prazo indicado na base 10.1 da Resolución do 20 de xaneiro de 2015 de convocatoria do proceso, presente, en rexistro administrativo ou a través de calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, dirixida á Dirección da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos, a seguinte documentación:

a) Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado do servizo, mediante expediente disciplinario, de calquera servizo de saúde ou Administración pública nos seis anos anteriores á convocatoria, nin estar inhabilitado con carácter firme para o exercicio de funcións públicas nin, de ser o caso, para a correspondente profesión.

No caso dos nacionais doutro Estado, non atoparse inhabilitado por sanción ou pena para o exercicio profesional ou para o acceso a funcións ou servizos públicos nun Estado membro, nin ter sido separado por sanción disciplinaria dalgunha das administracións ou servizos públicos nos seis anos anteriores á convocatoria.

b) Certificado médico oficial en que se acredite a capacidade funcional necesaria para o desempeño das funcións propias da categoría.

c) Por exixencia do artigo 13 da Lei orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor, segundo a redacción efectuada pola Lei 26/2015, do 28 de xullo, certificación do Rexistro Central de Delinquentes Sexuais dependente do Ministerio de Xustiza de non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual ou, na súa falta, autorización escrita á Axencia Galega de Sangue, Órganos



e Tecidos para consultar os datos contidos no citado rexistro e solicitar no seu nome a oportuna certificación.

Esta autorización deberá presentarse no modelo que para o efecto consta no portal web do Servizo Galego de Saúde, na parte relativa a emprego público (<https://www.sergas.es/Recursos-Humanos?idcatgrupo=11029>).

De conformidade coa base 10.2 da Resolución desta axencia do 20 de xaneiro de 2015, os/as que dentro do prazo fixado non presentasen a documentación ou do exame dela se deduza que carecen dalgún dos requisitos para participaren no proceso selectivo, non poderán ser nomeados/as persoal laboral fixo e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

Terceiro. Publicar, como anexo I, a relación de aspirantes definitivamente seleccionados/as no concurso oposición para o ingreso nas categorías de médico/a especialista en hematoloxía e hemoterapia, médico/a xeral, técnico/a superior, responsable de comunicación, enfermeiro/a, técnico/a especialista de laboratorio, promotor/a da doazón, auxiliar administrativo, auxiliar de informática, auxiliar de clínica/laboratorio, e condutor/a/celador/a, convocado pola Resolución do 20 de xaneiro de 2015 (DOG núm. 56, do 24 de marzo).

Cuarto. Aprobar a relación de prazas que se oferten en cada categoría aos/ás aspirantes seleccionados/as no proceso, e que figura como anexo II desta resolución.

Quinto. Convocar os/as aspirantes seleccionados/as que se indican no anexo I desta resolución para que, en único chamamento e acto e pola orde que se establece en aplicación das bases da convocatoria, elixan destino definitivo.

O acto de elección de destino terá lugar o sábado, 15 de decembro de 2018, no salón de actos da Consellería de Sanidade, Edificio Administrativo San Lázaro, s/n, Santiago de Compostela, no seguinte horario:

Hora	Categorías
17.30 horas	Médico/a especialista en hematoloxía e hemoterapia
17.30 horas	Médico/a xeral
17.30 horas	Técnico/a superior
17.30 horas	Responsable de comunicación
17.30 horas	Enfermeiro/a
17.30 horas	Técnico/a especialista de laboratorio
17.30 horas	Promotor/a da doazón



Hora	Categorías
17.30 horas	Auxiliar administrativo
17.30 horas	Auxiliar de informática
17.30 horas	Auxiliar clínica/laboratorio
17.30 horas	Conductor/a/celador/a

Os/as aspirantes seleccionados/as conforme establece a base 11.5, na que segundo a previsión contida na Orde do 20 de setembro de 2007 (DOG núm. 197, do 10 de outubro), poderán exercer a súa opción de integración no réxime estatutario no prazo previsto para a toma de posesión do posto adxudicado.

Sexto. O acto de elección desenvolverase consonte o seguinte procedemento:

a) As persoas aspirantes deberan comparecer provistas de documento nacional de identidade ou outro documento que acredite de modo fidedigno a súa personalidade.

b) A solicitude que formulen as persoas aspirantes será vinculante e irrenunciable.

c) Os/as aspirantes que non comparezan persoalmente poderán ser representados/as por terceiras persoas provista de poder suficiente.

d) Os/as aspirantes seleccionados/as que non opten por un destino, na data e de acordo ao procedemento establecido, non poderán ser nomeados/as, e quedarán sen efecto todas as súas actuacións. En todo caso, non serán tidas en conta causas de forza maior ou calquera ou calquera outra causa para emendar a non elección de destino.

e) Por razóns organizativas e de limitación da capacidade do recinto, poderase limitar a presenza de persoas que acompañen ao/á aspirante no acto de elección.

Sétimo. Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante este órgano directivo, no prazo dun mes a partir do día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou poderase impugnar directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa no termos da Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2018

María Luisa López García
Directora da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos



ANEXO I
Médico/a especialista en hematoloxía e hemoterapia:

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
1	*302T	Areal Méndez, Carlos	PI	34,250	14,000	22,000	1,400	71,650
2	*969G	Arcas Otero, Carina	L	44,250	14,000	22,000	0,000	80,250

Médico/a xeral:

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
1	*282E	Franco Romero, Carmen	L	51,875	14,000	22,000	0,000	87,875
2	*832Z	Rodríguez Martínez, Mónica	L	52,500	10,410	22,000	0,890	85,800
3	*925M	López de los Reyes, María Concepción	L	53,500	5,060	22,000	0,000	80,560
4	*536H	De Pedro Barral, María Azucena	L	46,500	11,985	22,000	0,000	80,485
5	*507L	Suárez Piñeiro, Carlos	L	47,250	10,915	22,000	0,000	80,165
6	*709Q	Ferreiro Cadahía, María Isabel	L	44,000	14,000	21,610	0,100	79,710
7	*919Y	Antas Ramos, María Carmen	L	42,125	11,275	22,000	0,000	75,400
8	*169V	González Fernández, María Jesús	L	40,750	10,235	22,000	0,000	72,985
9	*199M	Gómez Rodríguez, Antonio	L	36,500	14,000	21,620	0,000	72,120
10	*445D	Pereiro Alonso, Penélope	L	52,375	0,520	18,400	0,000	71,445
11	*494D	Casas López, Luisa Fernanda	L	39,875	7,590	22,000	0,000	69,465
12	*014N	Prieto Lois, María del Pilar	L	41,750	4,503	22,000	0,000	68,253
13	*120X	Quintas Vázquez, Laura María	L	52,250	14,000	1,740	0,020	68,010
14	*693Y	Villavicencio Romero, Patricia Alexandra	L	39,375	4,810	22,000	0,000	66,185
15	*637E	Rodríguez Ramos, Ana María	D	40,875	3,025	5,210	0,000	50,110

Técnico/a superior:

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
1	*392W	Rego Rodríguez, Rosa Ana	PI	34,750	8,000	6,840	0,000	49,590
2	*283Q	López Lama, Lourdes	PI	30,000	8,000	6,840	0,000	44,840
3	*294H	Díaz Pereira, María de la Almudena	L	40,125	8,000	28,000	2,250	78,375
4	*990Q	Costoya Coira, Sandra María	L	40,125	8,000	28,000	0,250	76,375



Responsable de comunicación:

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
1	*437G	Pazos del Olmo, María de los Ángeles	L	32,630	8,000	28,000	0,000	68,630

Enfermeiro/a:

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
1	*340R	Barge Yáñez, Marta	L	46,500	8,000	28,000	0,000	82,500
2	*424D	López Balseira, María del Carmen	L	46,375	8,000	28,000	0,000	82,375
3	*520W	Filgueira Vizoso, Sonia	L	46,250	8,000	28,000	0,000	82,250
4	*562W	Salgado Seijas, Celsa	L	46,125	8,000	28,000	0,000	82,125
5	*460R	Pita López, María Patricia	L	45,750	8,000	28,000	0,000	81,750
6	*189D	Blanco Elizechea, Sonia	L	45,125	8,000	28,000	0,000	81,125
7	*590N	Vila Pombo, Emma Yolanda	L	45,000	8,000	28,000	0,000	81,000
8	*361V	Fernández Alonso, Marta	L	44,625	8,000	28,000	0,000	80,625
9	*283G	Nodar Elicechea, Patricia	L	43,625	8,000	28,000	0,000	79,625
10	*959P	Novo Ares, María Asunción	L	46,000	8,000	25,400	0,000	79,400
11	*436B	Bouzón Sanjurjo, Carmen María	L	43,125	8,000	27,800	0,000	78,925
12	*753J	Sangil Páez, Marcos	L	42,875	8,000	28,000	0,000	78,875
13	*757W	San Martín López, Ángela María	L	42,750	8,000	28,000	0,000	78,750
14	*591A	Morales Rúa, María José	L	41,625	8,000	28,000	0,000	77,625
15	*023N	Sardina Mouriz, Mónica	L	41,000	8,000	28,000	0,000	77,000
16	*738T	García Bello, Javier	L	40,125	8,000	28,000	0,000	76,125
17	*104Y	Sanz Núñez, María Teresa	L	40,000	8,000	28,000	0,000	76,000
18	*825F	Núñez Álvarez, Montserrat	L	38,375	8,000	28,000	0,000	74,375
19	*278G	López Carballal, Raúl	L	37,375	8,000	28,000	0,000	73,375
20	*530K	Pérez Vega, María Trinidad	L	35,250	8,000	28,000	0,000	71,250
21	*735A	Fernández Domínguez, Mónica	L	36,375	8,000	26,600	0,000	70,975
22	*866X	Enríquez Paredes, María Sol	D	31,750	8,000	7,600	0,000	47,350
23	*847R	Rodríguez Corte, Jesús	D	34,500	8,000	3,920	0,000	46,420

Técnico/a especialista de laboratorio:

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
1	*500Q	Pérez Duarte, Lucía	PI	35,000	8,000	7,740	0,000	50,740
2	*336B	Rodríguez Suárez, Rosa Mari	PI	32,000	8,000	0,000	0,000	40,000



Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
3	*511X	Carrillo Guerra, David	L	44,510	8,000	28,000	0,000	80,510
4	*509T	Roca Orosa, María Sonia	L	38,500	8,000	28,000	0,000	74,500
5	*094R	Herranz González Botas, Cristina	L	38,130	8,000	28,000	0,000	74,130
6	*745P	Barallobre Naya, Sandra María	L	37,750	8,000	28,000	0,000	73,750
7	*727H	Alonso García, María de los Ángeles	L	37,260	8,000	23,000	0,000	68,260
8	*391K	Sánchez García-Zabarte, María Elena	L	30,880	8,000	28,000	0,000	66,880
9	*831A	Santalla Crecido, Raquel María	L	32,380	8,000	25,800	0,000	66,180
10	*942D	Guillán Rodríguez, Juan Ramón	L	40,380	8,000	16,400	0,000	64,780

Promotor/a da doazón:

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
1	*059Y	Fernández Gil, María Carmen	L	37,375	8,000	27,800	0,000	73,175
2	*542V	Figueiras Icasuriaga, Alicia	L	41,000	3,030	28,000	0,000	72,030

Auxiliar administrativo:

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
1	*408K	Graña Álvarez, María Flora	L	36,125	8,000	28,000	4,000	76,125

Auxiliar de informática:

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
1	*806T	Bermúdez Seoane, Óscar Miguel	L	51,875	8,000	28,000	4,000	91,875

Auxiliar clínica/laboratorio:

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
1	*690P	Galego Sánchez, María Isabel	L	45,250	8,000	28,000	2,000	83,250
2	*749B	Fernández Vidal, Cristina	L	38,375	8,000	28,000	2,000	76,375

Conductor/a/celador/a:

Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
1	*437T	Cervifio Suárez, Carlos	L	42,625	8,000	28,000	4,000	82,625
2	*242Q	Moscoso Campo, Hilario Fernando	L	43,125	8,000	28,000	0,000	79,125



Nº	DNI	Apelidos e nome	Acceso	OPE	Formación	Experiencia	Outras actividades	Total
3	*290G	Estévez Sotelino, Fernando	D	41,750	8,000	28,000	0,000	77,750
4	*927K	Castro Touceda, José Luis	L	34,875	6,900	28,000	0,000	69,775
5	*219M	González de Dios, José Manuel	L	46,125	2,430	12,600	4,000	65,155
6	*283T	Lema Lago, José Manuel	L	48,375	8,000	1,900	4,000	62,275
7	*726G	Blanco Alonso, Gumersindo	L	43,625	8,000	10,600	0,000	62,225
8	*162M	Iravedra Pita, Felipe	L	47,125	8,000	7,000	0,000	62,125
9	*161T	Souto Sieiro, Manuel	L	40,750	8,000	13,300	0,000	62,050

ANEXO II

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo	Total
Médico/a especialista en hematoloxía e hemoterapia	0	0	3	0	0	0	0	3
Médico/a xeral	3	3	0	3	3	0	4	16
Técnico/a superior	0	0	4	0	0	0	0	4
Responsable de comunicación	0	0	1	0	0	0	0	1
Enfermeiro/a	5	5	1	2	4	0	6	23
Técnico/a especialista de laboratorio	0	0	11	0	0	0	0	11
Promotor/a da doazón	0	1	0	0	1	0	0	2
Auxiliar administrativo	0	0	1	0	0	0	0	1
Auxiliar de informática	0	0	1	0	0	0	0	1
Auxiliar clínica/laboratorio	0	0	0	1	1	0	0	2
Conductor/a/celador/a	1	2	1	1	1	1	2	9
Total	9	11	23	7	10	1	12	73

